



Regulamento de competicións

Federación Galega de Halterofilia

Fecha: 23/12/2025

Versión: 1.4

BORRADOR

ÍNDICE DE CONTENIDO

Preámbulo.....	1
Título 1.....	2
Disposicións xerais.....	2
ART. 1 -OBJETO.....	2
ART. 2 -AMBITO.....	2
ART. 3.....	2
ART. 4.....	2
TITULO II.....	3
Competicións Oficias.....	3
ART. 5.....	3
ART. 6.....	3
ART. 7.....	3
TITULO III.....	5
Licenzas.....	5
ART. 8.....	5
ART. 9.....	5
TITULO IV.....	5
Nacionais e Extranxeiros.....	5
ART 10.....	5
ART 11.....	5
ART 12.....	7
TITULO V.....	7
Inscripcións.....	7
ART 13.....	7
ART 14.....	7
ART 15.....	7
TITULO VI.....	9
Grupos de edades e Categorías.....	9
ART 16.....	9
ART 17.....	9
TITULO VII.....	9
Records.....	9
ART 18.....	9
TITULO VIII.....	11
Entrega de premios.....	11
ART 19.....	11
TITULO IX.....	11
Nomeamento de Xuíces.....	11
ART 20.....	11
DISPOSICIÓN ADICIONAIS.....	15
PRIMEIRA.....	15
SEGUNDA.....	15
TERCEIRA.....	15
CUARTA.....	15
DISPOSICIÓN FINAL.....	15
ANEXO I.....	17
COMPETICIÓN.....	17
Campionato Galego Técnica.....	17
Inscripción.....	17
Mínimas.....	17
Sistema de competición.....	17
Campionato Galego Sub-15.....	19

<i>Inscripción</i>	19
<i>Mínimas</i>	19
Campionato Galego Sub-17.....	21
<i>Inscripción</i>	21
<i>Mínimas</i>	21
Campionato Galego Junior.....	23
<i>Inscripción</i>	23
<i>Mínimas</i>	23
Campionato Galego Absoluto.....	25
<i>Inscripción</i>	25
<i>Mínimas</i>	25
Copa Galega.....	27
<i>Inscripción</i>	27
<i>Mínimas</i>	27
<i>Clasificación</i>	27
<i>Premios</i>	27
Campionato Galego de Clubes.....	29
<i>Inscripción</i>	29
<i>Mínimas</i>	29
<i>Clasificación</i>	29
<i>Premios</i>	29
Liga Galega de Clubes.....	31
<i>Inscripción do clube</i>	31
<i>Inscripción xornada</i>	31
<i>Equipos</i>	31
<i>Xornadas</i>	31
<i>Clasificación</i>	31
<i>Premios</i>	33
<i>Horario xornada</i>	33
Campeonato de España Absoluto.....	35
1. Clasificación mínima.....	35
2. Máximo de deportistas.....	35
3. Exceso de marcas.....	35
4. Listado de reservas.....	35
5. Inscripción anticipada.....	35

Preámbulo

O presente regulamento faise o amparo das competencias propias desta Federación, reguladas nos seus Estatutos, artigo 3.2.e) que establece que a Federación establecerá os seus propios regulamentos, en relación coas funcións delegadas en rexime de exclusividade como é a organización das competicións e eventos deportivos de halterofilia no eido da Comunidade Autónoma Galega. A norma Estatutaria ven refrendada por a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, que no seu artigo 56.2.e) establece a competencia da Federación para elaborar os seus regulamentos, e no seu 56.4.f) se lle otorga a potestade disciplinaria en base os seus estatutos e regulamentos.

Este regulamento é necesario ante o valeiro legal que todas as competicións galegas de halterofilia teñen, xa que continuamente se viñan rexindo ou ben por analoxía aplicando a normativa da federación española de halterofilia, ou no peor dos casos por usos e costumes, que variaban no tempo e nas tempadas. Isto provocaba unha enorme inseguridade xurídica, que coa aprobación deste regulamento se pretende solventar.

Asemade, tamén era necesario regular o réxime dos records da halterofilia Galega, tentando dentro do marco lexislativo vixente, potenciar e primar os que teñan a vecindade civil Galega para poder ostentar e cosnequir os nosos records, de tal xeito que non sexan ostentados por quen ningunha relación vital, residencial ou deportiva ten con Galicia.

Título 1

Disposicións xerais

ART. 1 -OBXETO

O Regulamento Xeral de Competicións da Federación Galega de Halterofilia, é a normativa a través da cal se regulan as competicións deportivas oficiais do deporte da HALTEROFILIA dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, o amparo do artigo 19 da Lei /2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

As competicións oficiais e federadas de ámbito autonómico serán organizadas pola federación deportiva galega de Halterofilia de forma directa ou mediante a adxudicación a calquer entidade deportiva o persona física o jurídica

ART. 2 .-AMBITO

O ámbito deste regulamento esténdese a todas as actividades e competicións oficiais de halterofilia en Galicia, que se desenvolverán obrigatoriamente polas prescricións deste regulamento e as Regras Técnicas ou circulares que esten viventes no momento da súa celebración. Os participantes nas competicións oficiais deberán coñecer e cumprir o presente regulamento.

ART. 3

O presente Regulamento será complementado con Circulares que terán a consideración de desenvolvemento dos aspectos contidos neste regulamento. As circulares terán que ser aprobadas pola comisión delegada e unha vez aprobadas terá que se públicas na web da Federación Galega de Halterofilia.

ART. 4

O desenvolvemento das competicións federadas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais do presente regulamento, resultarán de aplicación igualmente tanto a regras técnicas de competición da Federación Internacional de Halterofilia [IWF] como as bases reguladoras de cada evento. Aqueles aspectos singulares contidos nas regras técnicas da competición da IWF que non resulten de aplicación nas competición previstas neste Regulamento serán expostos na correspondente Circular.



TITULO II

Competicións Oficias

ART. 5

Teñen a consideración de competición federada oficial de ámbito autonómico, nas que a Federación Galega de Halterofilia será a que supervise e controle o desenvolvemento, as seguintes competicións:

1. Campeonatos Galegos Individuais [Técnica, Sub-15, Sub17, Junior y Absoluto tanto masculino como femenino]
2. Copa Galega
3. Campeonato Galego de Clubes
4. Liga Galega de Clubes de Halterofilia

Xunto a estas competicións, terán carácter de competición oficial, nas cales a Federación Galega de Halterofilia non supervisará o control e desenvolvementos das mesas, aquelas que estén dentro do calendario anual aprobada por la Asamblea Xeral e serán supervisadas e controladas por clubes afiliados a FGH.

ART. 6

A aprobación do calendario anual de competicións corresponderá ó pleno da Asamblea Xeral de FGH, podendo a Comisión Delegada proceder a calquera modificación baixo unha causa xustificada.

6.1 Se algún membro da Federación quere establecer unha nova competición no calendario, tendrá que notificar a súa fecha como mínimo 30 días antes da súa celebración á Federación a través das canles de comunicacións establecidas.

ART. 7

As bases e condicións para a solicitude e concesión da organización das probas federadas oficiais serán publicadas a través da correspondente Circular.



TITULO III

Licenzas

ART. 8

Para poder participar nunha competición federada oficial, o deportista terá que estar en posesión dunha licencia federativa de halterofilia vixente, expedida ou habilitada pola Federación Galega de Halterofilia ou a Federación Española de Halterofilia.

Todo deportista terá que presentar o seu DNI o un documento que acredite a veracidade da súa identidade.

ART. 9

Para que un clube poda participar nunha competición oficial federada o clube terá que estar afiliado a Federación Galega de Halterofilia e rexistrado como entidade deportiva na Secretaría Xeral para o deporte.

TITULO IV

Nacionais e Extranxeiros

ART 10

Nas competición federadas oficiais da FGH nas que se obteña o título de Campeón de Galicia, solo optarán ó título aqueles deportistas que teñan a nacionalidade española e ostenten a VECINDADE CIVIL GALEGA podendo acreditar isto a través dos documentos que acrediten os requisitos dos artigos 14 e 15 do código Civil, que podrá ser requerido por esta federación para a validación da norma.

ART 11

Para poder establecer ou posuir un récord galego en claquera categoría das competicións oficiais ou federadas de Halterofilia, será requisito imprescindible e necesario cumprir o requisito de posuir a VECINDAD CIVIL GALEGA o amparo do establecido no artigo 4 da Lei de Dereito Civil de Galicia en relación co artigo 14 e 15 do Código Civil Español.



ART 12

Os deportistas que non teñen a nacionalidade española, podrán participar nas competición federadas oficiais se teñen unha licenza federativa en vigor e encontrase en situación legal de residencia en España.

TITULO V

Inscripcións

ART 13

As inscricións en todas as competicións federadas oficiais da FGH serán realizadas conforme o procedemento e dentro dos prazos que serán establecidos para cada temporada pola FGH.

Cada competición terá o seu propio procedemento que será anexado neste regulamento e que poderá ser modificado a través da circular correspondente previamente aprobada por la Comisión Delegada a FGH.

Podrán establecer marcas mínimas para poder participar nas competicións oficiais da FGH, debendo ser acreditadas polos deportistas no momento da inscrición. As marcas mínimas para a participación das competicións oficiais da FGH serán publicadas na correspondente Circular.

O clube non poderá ter pendente a execución ou cumprimento de ningunha sanción firme coa Federación Galega de Halterofilia.

No caso de inscribirse nunha competición e causar baixa, sen causa xustificada o clube recibirá unha sanción económica de 15 € por cada deportista que se de baixa sen causa xustificada.

ART 14

Rematado o período de inscrición a Federación Galega de Halterofilia publicará a relación de inscritos para poder verificar os inscritos e para correxir erros en caso de que os houbese.

ART 15

O incumprimento do prazo de inscrición impedirá a participación de calquera na competición sinalada. Excepcionalmente poderá ser aceptada fora do prazo de inscrición, previo abono ou cumprimento da sanción correspondente, e sempre tería que ser con cinco días de antelación a data fixada para o desenvolvemento da competición.



TITULO VI

Grupos de edades e Categorías

ART 16

A Federación Galega de Halterofilia establece os seguintes grupos de idades tanto para categoría masculina como femenina:

1. Benxamin : deportistas que teñen 10 anos ou menos
2. Alevín: deportistas que teñen 11 ou 12 anos
3. Infantil: deportistas que teñen 13,14 ou 15 anos
4. Xuvenil: deportistas de 13 a 17 anos
5. Junior: deportistas de 13 a 20 anos
6. Absoluto: deportistas de máis de 14 anos.

A idade de cada deportista será determinada polo ano de nacemento.

ART 17

As categorías de peso corporal serán as indicadas na normativa técnica da IWF. Todos os cambios que esa normativa realice verase reflexado na normativa da FGH.

TITULO VII

Records

ART 18

Os records de cada categoría, soamente se podrán establecer en competicións oficiais federadas supervisadas pola FGH ou en competicións de maior rango, entendendose como rango ou nivel suficiente de competición a estos efectos as seguintes competicións de xeito crecente:

- Competición Oficial Federada da Real Federación Española de Halterofilia
- Campeonatos de Europa
- Campionato do Mundo

- Xogos Olímpicos.

TITULO VIII

Entrega de premios

ART 19

No horario de cada competición oficial federada da FGH, incluírase a entrega de premios ós mellores deportistas de cada categoría en caso que as competición sexan individuais ou os mellores clubs en caso de competición por clubs ou xornadas de ligas.

Os deportistas e clubs terán que asistir a entrega de premios coa equipación identificativa do clube. No caso de entrega de equipos terán que asistir a lo menos tres integrantes do mesmo

Cada deportista terá que recoller o seu premio, se este non asiste por causa sen xustificar o premio non será entregado e seu clube terá unha sanción económica equiparable ó premio a entregar.

- Entrega de medalla : 20 €
- Entrega de trofeo: 50 €

Na entrega de premios de clubs terán que asistir a lo menos 3 deportistas en categoría masculina e 3 deportistas en categoría feminina. En caso de non estar presentes na entrega de premios sen causa xustificada o premio non será entregado e seu clube terá unha sanción económica equiparable ó premio a entregar.

- Categoría masculina: 100 €
- Categoría feminina: 100 €

TITULO IX

Nomeamento de Xuíces

ART 20

A competencia para o nomeamento, gestión ou exclusión dos xuíces en toda competición oficial que este aprobada no calendario deportivo desta federación pertence de forma exclusiva a Federación Galega de Halterofilia que será exercitada polo seu Comité Galego de Xuíces a través da súa representación, o presidente, e en ausencia de este o membro que designe o presidente.

Os organizadores deberán notificar o Comité Galego de Xuíces, a través do e-mail comitexuices@halterofilia.org, a proposta de xuíces para eses competicións cunha antelación mínima de 48 horas, debendo o Presidente do comité Galego de Xuíces dar o seu consentimento nas seguintes 24 horas antes do comezo da competición.

O silencio do comité Galego de Xuíces é positivo, entendendo a ausencia de resposta a lista de xuíces proposta como aceptada



Nomeamento de Xurado

ART 21

A Federación Galega de Halterofilia, reservase o dereito a nomear ou non xurado nas competición que organice. O xurado da tarima poderá estar formado por las seguintes persoas:

- Speaker da tarima: xuíz destinado a realizar as labores de speaker
- Informático da tarima: xuíz destinado a realizar as labores de informático
- Director: o director da proba poderá formar parte do xurado da tarima.

Funcionamento do Xurado

O xurado no poderá actuar de oficio, soamente actuará cando un entrenador acreditado de un clube solicita a súa supervisión.

O sistema de video para a repetición, será o sistema de emisión usado na competición.



DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA

Todas as referencias realizadas no presente regulamento a persoas físicas faise por igual a homes e mulleres, promulgando unha igualdade de xénero. A Federación Galega de Halterofilia avoga por unha linguaxe inclusiva e favorecendo a igualdade.

SEGUNDA

Todas as persoas inscritas e nomeadas para unha competición, excluindo aos/as deportistas, deberán estar en posesión do correspondente certificado de ausencia de delitos sexuais emitido no ano en curso da competición.

TERCEIRA

A Federación Galega de Halterofilia rexeita calquera tipo de abuso en calquera das súas actividades.

CUARTA

Para aquela situacións non recollidas, no presente regulamento, deberá de acudirse a normativas de rango superior, Estatutos e lexislación vixente.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por a Asemblea Xeral.



ANEXO I COMPETICIÓN

Campionato Galego Técnica

Inscripción

Todos os clubs que teñan deportistas para participar neste campionato terán que enviar unha listaxe de participantes 20 días antes da celebración do campionato, indicando a categoría de idade a que pertence e os kilos que vai utilizar nos movementos da competición. Soamente podrán participar deportistas que teñan como máximo 13 anos.

Podránse realizar cambios de categoría de inscrición ata 5 días antes do día da competición.

Mínimas

Non existen mínimas para participar.

Sistema de competición

A competición seguirá a normativa vixente da RFEH.

A puntuación será indicada por un xurado, que estará formado polo director técnico da FGH e por dous adestradores designados por el mesmo.

Os adestradores asignados, non podrán estar preparando a ningún atleta que esté participando.

Os primeiros clasificados podrán representar á FGH nas Xornadas Nacionais de Técnica.



Campionato Galego Sub-15

Inscripción

Todos os clubs que teñan deportistas para participar neste campionato terán que enviar unha listaxe de participantes 20 días antes da celebración do campionato, indicando a categoría de peso corporal na que vai participar e o total olímpico co cal se inscribe.

Podránse realizar cambios de categoría de inscrición ata 5 días antes do día da competición.

Mínimas

O deportista poderá pertencer os seguintes grupos de idade: Infantil.

O deportista terá que acreditar **30 puntos elite** nunha competición oficial da Federación Galega de Halterofilia 6 meses antes da celebración do campionato.

Coa aprobación por parte da dirección técnica da FGH, podrán competir deportistas que non teñan a mínima realizada, sempre e cando razone e xustifique a súa decisión en motivos deportivos, proxección, futuro deportivo, incentivar a halterofilia, nun grupo de idade, nun territorio concreto de Galicia ou para garantir un podio completo.

Entrega de premios

As mellores marcas do campionato serán entregadas en base á puntuación elite de cada levantador



Campionato Galego Sub-17

Inscripción

Todos os clubs que teñan deportistas para participar neste campionato terán que enviar unha listaxe de participantes 20 días antes da celebración do campionato, indicando a categoría de peso corporal na que vai participar e o total olímpico co cal se inscribe.

Podránse realizar cambios de categoría de inscrición ata 5 días antes do día da competición.

Mínimas

O deportista poderá pertencer os seguintes grupos de idade: Xuvenil.

O deportista terá que acreditar **35 puntos elite** nunha competición oficial da Federación Galega de Halterofilia 6 meses antes da celebración do campionato.

Coa aprobación por parte da dirección técnica da FGH, podrán competir deportistas que non teñan a mínima realizada, sempre e cando razone e xustifique a súa decisión en motivos deportivos, proxección, futuro deportivo, incentivar a halterofilia, nun grupo de idade, nun territorio concreto de Galicia ou para garantir un podio completo.

Entrega de premios

As mellores marcas do campionato serán entregadas en base á puntuación elite de cada levantador



Campionato Galego Junior

Inscripción

Todos os clubs que teñan deportistas para participar neste campionato terán que enviar unha listaxe de participantes 20 días antes da celebración do campionato, indicando a categoría de peso corporal na que vai participar e o total olímpico co cal se inscribe.

Podránse realizar cambios de categoría de inscrición ata 5 días antes do día da competición.

Mínimas

O deportista poderá pertencer os seguintes grupos de idade: Junior.

Segundo a categoría de sexo de deportista terá que acreditar nunha competición oficial da Federación Galega de Halterofilia 6 meses antes da celebración do campionato a seguinte mínima:

- Categoría feminina **47 puntos elite**.
- Categoría masculina **53 puntos elite**.

Coa aprobación por parte da dirección técnica da FGH, podrán competir deportistas que non teñan a mínima realizada, sempre e cando razone e xustifique a súa decisión en motivos deportivos, proxección, futuro deportivo, incentivar a halterofilia, nun grupo de idade, nun territorio concreto de Galicia ou para garantir un podio completo.

Entrega de premios

As mellores marcas do campionato serán entregadas en base á puntuación elite de cada levantador



Campionato Galego Absoluto

Inscripción

Todos os clubs que teñan deportistas para participar neste campionato terán que enviar unha listaxe de participantes 20 días antes da celebración do campionato, indicando a categoría de peso corporal na que vai participar e o total olímpico co cal se inscribe.

Podránse realizar cambios de categoría de inscrición ata 5 días antes do día da competición.

Mínimas

O deportista poderá pertencer os seguintes grupos de idade: Absoluto.

Segundo a categoría de sexo de deportista terá que acreditar nunha competición oficial da Federación Galega de Halterofilia 6 meses antes da celebración do campionato a seguinte mínima:

- Categoría feminina 52 **puntos elite**.
- Categoría masculina 58 **puntos elite**.

Coa aprobación por parte da dirección técnica da FGH, podrán competir deportistas que non teñan a mínima realizada, sempre e cando razone e xustifique a súa decisión en motivos deportivos, proxección, futuro deportivo, incentivar a halterofilia, nun grupo de idade, nun territorio concreto de Galicia ou para garantir un podio completo.

Entrega de premios

As mellores marcas do campionato serán entregadas en base á puntuación elite de cada levantador



Copa Galega

Inscripción

Á competición podrán participar a seguintes mellores marcas:

- 10 mellores marcas Absolutas masculinas e femininas

A dirección técnica dará a conocer os inscritos da competición, máis dous suplentes por categoría 3 semanas antes da celebración da competición.

Mínimas

As marcas a ter en conta para a clasificación á competición serán aquelas realizadas 7 meses antes da celebración do campionato, se ter en conta os últimos 30 días antes do día da competición.

Clasificación

A clasificación para cada categoría será calculada a través da puntuación Sinclair de cada deportista.

Premios

Entregaranse premios ás tres mellores marcas individuais según a puntuación sinclair de cada deportista.

Campionato Galego de Clubes

Inscripción

Todos os clubs que queiran participar no campionato terán que enviar unha listaxe de participantes 20 días antes da celebración do campionato, indicando o total olímpico co cal se inscribe.

Cada club só poderá inscribir un equipo. En categoría masculina estará formado por 6 levantadores podendo participar con 3 deportistas, e en categoría feminina estará formado por 6 levantadoras, podendo participar con 3 deportistas.

Para que un club podrá participar no campionato tendrá que ter inscrito un equipo en na Liga Galega de Clubes e ter participado en tódalas xornadas da Liga.

Para que un deportista poda puntuar no campionato, será requisito indispensable, a participación do deportista en a lo menos dúas xornadas da Liga Galega de Clubes, podendo ser o mesmo campionato a segunda participación.

Mínimas

Non existirá mínima para poder participar no campionato. Por cuestión de organización a FGH podrá establecer unha mínima que terá que ser realizada nalgunha xornada anterior da Liga Galega de Clubes.

Clasificación

A clasificación final será a suma dos puntos sinclair de cada deportista que forman o equipo.

En caso de empate, terás en conta a mellor marca dos equipos, se continúa o empate tomarase a segunda mellor marca e así sucesivamente.

Premios

Entregaranse premios os tres mellores equipos do campionato.

Entregaranse premios ás tres mellores marcas individuais según a puntuación sinclair de cada deportista. Quedarán excluídas as marcas que participen fóra de competición (FC) o ben sexan extranxeiros (EXT) e non formen parte de ningún equipo do campionato.

Liga Galega de Clubes

Inscripción do clube

A inscrición dos equipos á Liga Galega de Clubes, rematará 20 días antes da primeira xornada, podendo añadir novos clubes no caso de que este sexan creados cando a Liga xa comezou.

Cada club só poderá inscribir un equipo por cada categoría:

- Categoría Masculina
- Categoría Femenina

A idade mínima para participar na liga será de 15 anos.

Inscripción xornada

Cada equipo terá que remitir á Dirección técnica da FGH 15 días antes os integrantes de cada equipo. Na inscrición terá que indicar o total olímpico de cada deportista. Podrán inscribir a un reserva por equipo.

Os equipos podrán cambiar os seus integrantes ata 48 horas antes do inicio da xornada. Durante a xornada, soamente se poderá utilizar como cambio o deportista inscrito como reserva.

Equipos

Cada categoría terá o seguinte numero de integrantes:

- 5 participantes en categoría masculina. Mínimo 3 Máximo 6
- 5 participantes en categoría femenina. Mínimo 3 Máximo 6

Xornadas

A Liga Galega estará composta por catro Xornadas que será incluídas no calendario anual de competicións.

Todos los equipos inscritos na liga terán que participar a lo menos en duas xornadas. Se non realizan este mínimo, sen causa xustificada, o clube terá unha sanción de 200 €.

Clasificación

A clasificación de cada xornada será a suma das 5 mellores marcas en puntos sinclair de cada deportista dos equipos de categoría masculina e das 5 mellores marcas en puntos sinclair de cada deportista dos equipos de categoría femenina.

En caso de empate, terase en conta a mellor marca do equipo, si continúa o empate tomarase a segunda mellor marca e así sucesivamente.



REGLAMENTO DE COMPETICIÓN

Federación Galega de Halterofilia

A clasificación final será a suma das puntuación de cada xornada de cada equipo. En caso de empate terase en conta a mellor marca dunha xornada, si continúa o empate tomarase a segunda marca e así sucesivamente.

Para poder sumar na clasificación final o equipo terá que participar en a lo menos duas xornadas.

Premios

Entregaránse premios aos tres primeiros equipos clasificados da xornada

Horario xornada

Tanda	Horario pesaje	Horario competición
Tanda 1	8:00	9:00
Tanda 2	9:00	11:00
Tanda 3	11:00	13:00
Tanda 4	13:00	15:00
Tanda 5	15:00	17:00
Tanda 6	17:00	19:00

* este horario podrá ser modificado en función do número de participantes de cada xornada

Campeonato de España Absoluto

Neste apartado establecerase un regulamento para a clasificación no campionato de España Absoluto.

1. Clasificación mínima

A clasificación mínima poderase conseguir en calquer campionato oficial, e dicir, que esté no calendario oficial da Real Federación Española de Halterofilia (en adelante RFEH) ou en campionatos oficiais da Federación Galega de Halterofilia que sexan supervisadas pola FGH

Podrán crearse competicións de toma de marcas para poder lograr las mínimas. A estas competición tendrá que acudir un supervisor designado pola FGH e a súa actuación será sufragada polo organizador da competición.

Además de conseguir a mínima o deportista terá que participar de forma obligatoria no Campionato Galego Absoluto, salvo excepción debidamente xustificada.

2. Máximo de deportistas

A representación da FGH no campionato de España Absoluto, será indicada por la normativa da RFEH que actualmente ten un máximo de 10 deportistas por xénero e un tope de 3 deportistas por categoría da mesma federación e un tope de 18 persoas por categoría. Se algun cambio na normativa da RFEH afecta a estes máximos serán aplicados de forma sistemática.

En caso de non acadar este tope, todos os deportistas que teñan esta mínima podrán realizar a inscrición ó campionato.

3. Exceso de marcas

En caso de que existan máis marcas acreditadas, farase un análisis do ranking da RFEH, para ter unha previsión de resultado na competición, dando prioridade a esta previsión.

No caso de que a previsión indique un posición superior ou igual a 24ª, non se contará para o equipo titular sendo posible a súa convocatoria como reserva.

No caso de que a previsión indique un posición superior ou igual a 30ª, non se contará para a súa participación no campionato.

No caso de existe un empate entre dos deportistas, darase preferencia ao resultado obtido no Campionato Galego Absoluto.

No caso de que o sistema de inscrición ao campeonato absoluto de España se modifique por parte da RFEH estas normas poderían variar.

4. Listado de reservas.

Os deportistas que no momento de inscrición preeliminar queden fora do equipo titular, terase en conta para a súa posible participación como reserva, sendo o criterio principal para a orde do listado de reserva a previsión de resultado obtido no análisis do ranking da RFEH.

5. Inscrición anticipada



REGLAMENTO DE COMPETICIÓN

Federación Galega de Halterofilia

Co fin de mellorar os resultados en dito campionato, os deportistas que teñan a mínina realizada e un posto superior ou igual á 5ª, posición poñerase en coñecemento do deportista, a través do seu clube, a inscrición directa nese campionato.